



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29 DE NOVEMBRO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00053867J.

Aprobación de acta de sesión anterior.

Apróbase a acta da sesión ordinaria de data 25 de outubro de 2021.

2. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00053867J.

Licenza de obra maior.

Acórdase:

Primeiro: Conceder a CARBURANTES LUGO, S.L. licenza de obras para edificio comercial e unidade de subministro de carburantes desatendida no Paseo de Esvedro- Paseo de Amaia, parcela Z-2A do SUNP-29 de Brandía-, segundo Proxecto básico e de execución co visado do COAG de data 09/07/2020 e anexo con data de rexistro de 09/02/2021, cun orzamento de execución material de **246.588,06 euros**.

As actuacións consistirán na construción de edificio comercial e unidade de subministro de combustible, cunha superficie construída total de 901,41 m² (831,85 m² útiles), ocupación en planta de 559,64 m² e altura máxima de 7,21 metros.

A edificación comercial é de planta baixa para supermercado e planta semisoto para aparcamento, cunha superficie construída de 778,45 m² (709,93 m² útiles), dos que 436,68 m² (399,86 útiles) son en planta baixa e 341,97 m² (310,07 m² útiles) en planta semisoto, cunha altura de 7,21 metros. A unidade de subministro de combustible desatendida conta con dous surtidores con catro mangueras cada un para venda polo miúdo de gasoil e gasolina, e unha marquesiña de carácter metálico de 105,60 m². Contará cun depósito soterrado compartimentado de 70.000 litros (50.000 litros para gasoil e 20.000 litros para gasolina) e unha caseta prefabricada de 17,36 m² construídos (16,32 m² útiles) destinada a cobro, aseo e instalacións, cunha altura de 2,81 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza Z-2A do Plan Parcial do SUNP-29 de Brandía.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00035878X.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo proxecto de data de visado do 19/02/2021 e a documentación complementaria de data de visado do 15/06/2021, a reconstrución de muro da parcela situada na Rúa Belvís, Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material 2.060,56 euros.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00016577Y.

Licenza obra maior.

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 28 de outubro de 2021.

Segundo.- Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

Terceiro.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 09/04/2021 e a documentación técnica complementaria de data 31/05/2021, a rehabilitación e ampliación de edificio situado na Rúa Sar, Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 146.747,22 euros.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00002242P.

Licenza obra maior

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico de data de visado do 07/07/2020 e o proxecto de execución de data de visado do 14/05/2021 e a documentación presentada na data 28.6 e 12.07 e 02.08 de 2021, a construción de vivenda unifamiliar no Lg Vixoi, Santiago de Compostela (A Coruña) cun orzamento de execución material de 197.114,53 €.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00019233V.

Licenza obra maior

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico presentado o 06 e 22/11/2021, obras de desescombro interior e retirada de fibrocemento con presenza de amianto nun edificio situado na Rúa Fonte de Mallou, Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 6.390,99 €.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00021894X.

Licenza obra maior

Acórdase conceder licenza para o proxecto básico presentado o 19/05/2021 e a documentación presentada o 12/08/2021 e o 03/11/2021 cun orzamento de execución material de 111.654,00 €. O proxecto básico refírese á para a construción dunha vivenda unifamiliar adosada e garaxe na Parcela 16.4 Manzana 16, SUNP-22 "CASTRO DE ABAIXO" Avenida de Montevideo / Plaza Andrés do Barro, Santiago de Compostela (A Coruña).

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00021739Q.

Licenza obra maior

Acórdase conceder licenza para o proxecto básico presentado o 19/05/2021 e a documentación presentada o 13/08/2021 e o 19/11/2021 cun orzamento de execución material de 111.654,00 €. O proxecto básico refírese á para a construción dunha vivenda unifamiliar adosada e garaxe na Parcela 16.6 Manzana 16, SUNP-22 "CASTRO DE ABAIXO" Avenida de Montevideo / Plaza Andrés do Barro, Santiago de Compostela (A Coruña)

9. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00021717V.

Licenza obra maior

Acórdase conceder licenza para o proxecto básico presentado o 19/05/2021 e a documentación presentada o 12/08/2021, 03/11/2021 e o 19/11/2021, cun orzamento de execución material de 111.654,00 €. O proxecto básico refírese á para a construción dunha vivenda unifamiliar adosada e garaxe na Parcela 16.2 Manzana 16, SUNP-22 "CASTRO DE

ABAIXO" Avenida de Montevideo / Plaza Andrés do Barro, Santiago de Compostela (A Coruña).

10. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00021897J.

Licenza obra maior

Acórdase conceder licenza para o proxecto básico presentado o 19/05/2021 e a documentación presentada o 13/08/2021 e o 03/11/2021 cun orzamento de execución material de 111.654,00 €. O proxecto básico refírese á para a construción dunha vivenda unifamiliar adosada e garaxe na Parcela 16.7 Manzana 16, SUNP-22 "CASTRO DE ABAIXO" Avenida de Montevideo / Plaza Andrés do Barro, Santiago de Compostela (A Coruña).

11. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00021737Z.

Licenza obra maior

Acórdase conceder licenza para o proxecto básico presentado o 19/05/2021 e a documentación presentada o 15/11/2021e o 19/11/2021 cun orzamento de execución material de 111.654,00 €. O proxecto básico refírese á para a construción dunha vivenda unifamiliar adosada e garaxe na Parcela 16.1 Manzana 16, SUNP-22 "CASTRO DE ABAIXO" Avenida de Montevideo / Plaza Andrés do Barro, Santiago de Compostela (A Coruña).

12. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00021738S.

Licenza obra maior

Acórdase conceder licenza para o proxecto básico presentado o 19/05/2021 e a documentación presentada o 19/11/2021 cun orzamento de execución material de 111.654,00 €. O proxecto básico refírese á para a construción dunha vivenda unifamiliar adosada e garaxe na Parcela 16.3 Manzana 16, SUNP-22 "CASTRO DE ABAIXO" Avenida de Montevideo / Plaza Andrés do Barro, Santiago de Compostela (A Coruña).

13. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2021/00037160G.

Licenza de obra de reforma e ampliación de nave industrial na Rúa Vía Edison, 16

Acórdase CONCEDER a PONTEPEDROSO REAL STATE S.L., licenza de OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN de nave na RÚA VÍA EDISON, 16-VÍA GALILEO, 34, para deseño e fabricación de produtos metálicos segundo Proxecto básico con data de rexistro de 28/06/2021 e Proxecto de execución co visado do COAG de data 28/09/2021 e anexo con data de rexistro de 07/10/2021, cun orzamento de execución material de **189.000,00 euros**.

As actuacións consistirán en obras de reforma de nave existente, afectando a ampliación a unha superficie construída en planta baixa de 1.881,60 m², e altura máxima de 12,50 metros. Como resultado da ampliación a nave terá unha superficie construída total de 10.186,25 m² (superficie útil de 9.298,35 m²). A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza Industrial do Plan Parcial do Polígono do Tambre.

14. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00021718H.

Licenza obra maior

Acórdase conceder licenza para o proxecto básico presentado o 19/05/2021 e a documentación presentada o 12/08/2021, 05/11/2021 e o 19/11/2021 cun orzamento de execución material de 111.654,00 €. O proxecto básico refírese á para a construción dunha vivenda unifamiliar adosada e garaxe na Parcela 16.5 Manzana 16, SUNP-22 "CASTRO DE ABAIXO" Avenida de Montevideo / Plaza Andrés do Barro, Santiago de Compostela (A Coruña).

15. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00029394N.

Licenza obra maior

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de data de visado do 26/06/2021, a mellora de accesibilidade e reforma

de edificación auxiliar da vivenda unifamiliar situada na Rúa Carballeira de San Lourenzo, 40 Santiago de Compostela (A Coruña) cun orzamento de execución material de 80.000,00 €.

16. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1001/2019.

Licenza obra maior

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 14/10/2021, outorgada ante o Notario co número de protocolo mil setenta e sete.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 29/04/2021 e a documentación presentada o 05/11/2021, a construción de vivenda unifamiliar no Lg Aldrey Marrozos Santiago de Compostela (A Coruña) cun orzamento de execución material de 98.150,00 €.

17. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/988/2019.

Licenza obra maior

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o Proxecto básico e de execución de data de visado do 13/05/2019 e a documentación complementaria presentada o 26/02/2020 e a Memoria de subsanación de deficiencias presentada o 17/08/2020), a rehabilitación de edificio de dúas vivendas situado na Rúa dos Lagartos 24 Santiago de Compostela (A Coruña) cun orzamento de execución material de 92.388,97 €.

18. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1078/2020.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 11/05/2020, a rehabilitación de inmovible para vivenda unifamiliar na Rúa San Lázaro, 8 Santiago de Compostela (A Coruña),cun orzamento de execución material de 95.940,00 €.

19. PATRIMONIO. Referencia: 2021/00053183L.

Posta a disposición do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela da sala B8 da ala sur de Santo Domingo de Bonaval.

Acórdase:

1. Poñer a disposición do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela, o espazo situado na sala B8 da ala sur de Santo Domingo de Bonaval, coa finalidade de que se poidan realizar as **obras de reparación e conservación** sinaladas no informe da arquitecta do Consorcio de 4/11/21.

2. Faise constar que esta posta a disposición **supón unha autorización de propiedade para acometer as obras**, pero non prexulga outras autorizacións que sexan necesarias para executar estas obras e o cumprimento dos seus termos.

3. En todo caso, calquera responsabilidade derivada da obra corresponderá ao Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela.

4. Corresponderá ao Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela contratar, dirixir e executar as obras previstas nese proxecto, por conta dos seus orzamentos, debendo ademais este informar ao Concello sobre o inicio e remate das mesmas e sobre calquera outra incidencia relativa a estas.

5. Ademais dado que as referidas obras poden afectar ao funcionamento dos distintos espazos do exconvento de Santo Domingo de Bonaval, o Consorcio deberá programalas tendo en conta os horarios desas dependenzas e facerse coa coordinación que requiran.

6. Rematados os prazos de garantía destas obras, e unha vez entregadas ao Concello mediante formalización da pertinente acta de devolución dos terreos e entrega das obras rematadas corresponderá a este o mantemento e conservación das mesmas.

Para tal fin, unha vez rematadas, o Consorcio porao en coñecemento do Concello, aos efectos de que este poida expoñer, no seu caso, as deficiencias detectadas para a súa corrección previa á recepción das obras polo Consorcio de Santiago.

7. Esta posta a disposición durará todo o tempo que dure a execución da obra solicitada.

8. Doutro lado, enténdese conveniente comunicar a realización das obras aos distintos usuarios do Conxunto de San Domingos de Bonaval.

As obras consistirán na reparación e conservación do pavimento derivada da aparición de danos ou deficiencias nos acabados do chan da sala B8 da ala Sur de Bonaval sinaladas no informe de 4/11/2021 da arquitecta do Consorcio. Preténdese a reparación de dito problema substituíndo o linóleo por un gres porcelánico do tipo que se utilizou na sala B5 da mesma planta baixa. Os traballos van consistir na substitución do pavimento de linóleo por outro de gres porcelánico, levantando e recolocando o material co que se pechou a cata arqueolóxica nesa sala B8.”

20. EXPROPIACIÓNS. Referencia: EXP/16/2015.

Inadmisión recurso de reposición de 25-02-21, escrito nº rexistro SIR 14933 / RX 411922.

Acórdase:

☒ Inadmitir o recurso de reposición de 25/02/21 contra a resolución do xurado de expropiación de Galicia de 19/11/2020.

☒ Inadmitir o recurso indirecto de nulidade do Plan especial de protección e acondicionamento do parque arqueolóxico da Rocha (PE-7R) inserto no recurso de reposición de 25/02/21 contra a resolución do xurado de expropiación de Galicia de 19/11/2020.

21. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: LIQUIDACIÓNS

TRALUSA AGOSTO, SETEMBRO, OUTUBRO 2021.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda correspondente aos pagos a conta pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros nos meses de agosto, setembro e outubro de 2021; a prol de TRALUSA.

Acórdase:

Primeiro. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de transporte colectivo urbano e viaxeiros correspondente aos meses de agosto, e setembro do ano 2021.

Segundo. Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 587.951,34 euros a favor de “Autobuses Urbanos de Lugo y Trap.S.A, UTE Lei 18/1982”.

Terceiro. Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

22. BIODIVERSIDADE E EDUCACIÓN AMBIENTAL. Referencia: Facturas F/2021/5005 e F/2021/5006, Ethical Services for Animals, S.L. Proposta da concelleira delegada de benestar animal relativa á convalidación omisión da función interventora e recoñecemento de débeda correspondente ao abono á empresa Ethical Services for Animals, S.L., en concepto do servizo de lacería correspondente ao período entre o 1 e 30 de setembro de 2021.

Acórdase:

1º.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de lacería correspondente ao mes de setembro de 2021.

2º.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de once mil douscentos oitenta e dous con oitenta e sete euros (11.282,87F €) a favor de ETHICAL SERVICES FOR ANIMALS S.L., imputándose á aplicación orzamentaria 2021 090 31101 2270000 do orzamento vixente.

3º.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos de contrato vencido, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

23. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00032539Y.

Aprobación da xustificación das axudas para actividades ás asociación culturais 2021.

Acórdase:

1. Aprobar a xustificación presentada polas seguintes entidades: Asociación Cultural Barriga Verde de Santiago de Compostela, Compostela Swing Asociación e Federación Galega de Bandas de Música Populares.

2. Recoñecer a obriga económica correspondente á xustificación realizada polos seguintes importes:

- Asociación Cultural Barriga Verde de Santiago de Compostela: 5.000 euros.
- Compostela Swing: 2.136,51 euros.
- Asociación e Federación Galega de Bandas de Música Populares: 2.500 euros.

3. Anular o crédito restante por importe de 25,47 euros repoñendo o saldo na aplicación orzamentaria 2021 050 33400 4890100.

24. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00022328F.

Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación Cultural Rocha Forte para o ano 2021

Tómase coñecemento da sinatura do convenio entre o concello de Santiago e a Asociación Cultural Rocha Forte, por un importe de 5.000 euros.

25. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00022334J.

Dar conta da sinatura do convenio do Concello de Santiago coa Asociación do Conservatorio de música tradicional e folque.

Tómase coñecemento da sinatura do convenio entre o concello de Santiago e a Asociación do Conservatorio de Música tradicional e folque, por un importe de 20.000 euros.

26. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00053867J.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 19 ao 25 de novembro de 2021.

URXENCIAS

27. Dación de conta da sinatura do convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, o Concello de Santiago de Compostela, a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela.

Tómase coñecemento da sinatura, o 26 de novembro de 2021, do convenio de cooperación entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, o Concello de Santiago de Compostela, a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para o financiamento e execución das obras consistentes na *renovación e o acondicionamento das instalacións de atletismo do estadio universitario, das que dispón a USC no Campus Vida* da cidade de Santiago de Compostela.

No citada Xunta de Goberno recóllese a aprobación do gasto de 148.728,60 euros con cargo á aplicación orzamentaria 090 34200 7670000, proxecto 2018 2 USCAT 61, para o seu financiamento.

28. Adxudicación do contrato de “Subministración de prendas de uniformidade para a Policía Local de Santiago de Compostela” a favor da empresa SAGRES, SL.

Acórdase.

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto “*Subministración de prendas de uniformidade para a Policía Local de Santiago de Compostela*” a favor da empresa SAGRES SL, por un importe total de 200.000 euros (165.289,26 euros + IVE 21%: 34.710,74 euros), sendo a súa oferta a única presentada.

Segundo: Dispoñer o gasto por un importe total de 200.000,00 euros necesario para o financiamento deste contrato que se imputará á aplicación orzamentaria **060 13200 2210400** distribuído nas seguintes anualidades:

Ano 2021: 100.000,00 euros

Ano 2022: 100.000,00 euros